


# Mapa botánico 2010/2011




*"As fragas... para as persoas"*

1. Hedra
2. Cinamomo
3. Loureiro
4. Magnolio
5. Tuias
6. Bidueiro
7. Abruñeiro
8. Ciprés
9. Acivro
10. Piñeiro
11. Hibisco
12. Tuias
13. Liquidambar
14. Pradairo
15. Freixo
16. Árbore do amor
17. Pradairo xaponés
18. Catalpa



CEIP  
DE  
LAREDO

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo>



## AUDIOGUÍA

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela


# 1

# Hedra

Hiedra; Hedera hibernica

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO



http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo

A hedra é unha planta gabeadora moi común que acada os 30m , posúe talo leñoso con cheiro desagradable ao cortalo con follas de 2 tipos.

O froito é unha baga verde escura ou negra.


Florece en setembro - novembro.

O talo e follas da hedra posúen propiedades hemolíticas, vasoconstrictoras e serven contra a tose.

As follas en infusión chegaronse a utilizar, pero dada a toxicidade da hederina deben evitarse.

En uso externo emprégase para axudar a cicatrizar as feridas, en chagas, como analxésico en neuralxias e máis recentemente en tratamentos contra a celulite.

Os froitos e follas da hedra son irritantes, polo que se poden utilizar para purgas, aínda que os froitos son tóxicos. Nos xogos infantís os froitos serven aos rapaces coma balas para os tutelos.



hedra.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 2

# Cinamomo

Melia; Melia azedarach

*“As fragas... para as persoas”*




Orixinaria do pé dos Himalayas, onde crece até os 3000m. Apréciada en xardinaría polo aromático e abundante das flores, e pola súa sombra.

M. azedarach é unha árbore mediana, de 8 a 15 m de altura. Cara a finais da primavera florece, dando flores de cor púrpura. O froito é una drupa de 1 cm de diámetro e forma globosa, de cor amarela.

Tolera xeadas lixeiras a condición de contar cun verán cálido; adáptase á seca. Crece con rapidez.

O seu froito é sumamente tóxico. A pesar diso, no pasado utilizábase a infusión moi diluída das follas como relaxante uterino.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo>



melia.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 3

# Loureiro

Laurel; Laurus nobilis

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO




**P**robablemente o cultivo do loureiro vén de moi lonxe pois xa en Roma era símbolo de triunfos militares, artísticos ou deportivos.

En Galicia, no século pasado, colocábanse cruces de loureiro nas habitacións ou queimábanse ramallos de loureiro para o mesmo fin. Esta idea de árbore protectora continúase noutros moitos costumes, coma poñer un ramallo de loureiro ao rematar unha construción, ou nos barcos, ou penduralo das fiestras unha vez bendito o domingo de ramos.

Máis preto no tempo o uso actual das follas é o adobado de guisos e caldos, coma tónico estomacal ou combater o reumatismo en pomada. A madeira, moi dura, é de utilidade en marquetería e antes da invención dos mistos empregábase ás veces para acender o lume, fretando entre si dúas ramiñas secas e botando enriba xofre en po.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo>



loureiro.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 4

# Magnolio

Magnolia; *Magnolia grandiflora* L.

*"As fragas... para as persoas"*



A magnolia é unha antiga familia que evolucionou antes de que aparecesen as abellas, polo que as flores desenvolvéronse de forma que puidesen ser polinizadas por escaravellos.


Unha das maiores virtudes do magnolio son as súas enormes flores brancas, vistosas e dun perfume moi intenso. Por iso é polo que se converteu nun das árbores ornamentais máis cultivados en todo o mundo.

Mide ao redor dos 15 metros de altura, aínda que existen variedades máis pequenas. Dispón dun tronco curto, con fisuras grises na cortiza.

Na Idade Media recorríase á infusión das follas e as flores para aliviar molestias dixestivas e para curar a pinga. As infusións de cortiza e flores permiten mellorar os problemas cardiovasculares, aínda que outras persoas utilízano como un excelente diurético. Hoxe, coas magnolias elabóranse infusións antiespasmódicas moi efectivas.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



magnolio.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 5

# Tuia

Tulla; Thuja standishii

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO




**T**huja ou tuia é unha conífera da familia dos cipreses (Cupressaceae) orixinaria das rexións tépedas do Hemisferio Norte.

As follas de Thuja son perennes e escamosas, excepto ao brotar, cando teñen forma de agulla de coser. As tuias cultívanse amplamente como árbores ornamentais.

A madeira é lixeira, suave e aromática, usouse en moitas aplicacións desde facer arcas que repelan a polilla, para facer valos e raíles e a miúdo usada para as caixas das guitarras.

A follaxe é rica en vitamina C. O aceite da tuia úsase de maneira tópica para axudar ao tratamento do papiloma humano e verrugas. É popular en tratamentos homeopáticos, para tratar infeccións das vías respiratorias.

http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo



tuia.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.wikipedia.org>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 6

# Bidueiro

Bido; Betula

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO



O bidueiro é unha árbore frecuente na nosa paisaxe e a única capaz de chegar ás maiores altitudes galegas, polo que marca o límite de altura das árbores en Galicia. Dada a súa resistencia e beleza é frecuente atopala en parques e xardíns.


Probablemente pola súa abundancia, impermeabilidade da súa cortiza e flexibilidade téñase empregado en multitude de aplicacións.

No campo utilizábase a súa madeira adoito para as pezas do arado romano, xugos ou lareiros . Actualmente aínda elabóranse con ela zocas e algún instrumento de labor, así coma contrachapados ou as máscaras do Entroido.

Nas escolas utilizábanse varas desta árbore, polo que era coñecida coma "árbore da sabedoría". Incluso as follas son diuréticas e foron remedio contra as inflamacións renais e da vexiga e para desfacer os cálculos renais.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



bidueiro.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 7

# Abruñeiro

Endrino; Prunus

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO




O abruñeiro é un arbusto espiñento da familia das rosaceae. Nativo de Europa, Asia e norte de África. Chega ata os catro metros de altura e medra formando abruñedos (ou abruñais), chegando a ser ás veces tan densas que impiden o paso.

O froito, denominado abruño, é unha drupa globosa, azul escura ou negra de 1 a 1,5 cm. Utilízase en marmeladas e fermentado produce o viño da abruñeira; macerado en augardente produce un licor denominado en Navarra pacharán.

En Galiza é común en zonas de baixa e media altitude, formando sebes e en bosques illados. Coñécese tamén como abruño. As especies silvestres reciben tamén o nome de espiño, ameixeira brava e escambroeira.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo>



abruneiro.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 8

# Ciprés

(dos pantanos)

Ciprés; Cupressus

*"As fragas... para as persoas"*




É unha árbore de zonas cálidas ou tépedas, de crecemento rápido, que pode alcanzar os 20 m de altura cun diámetro aproximado duns 60 cm.

De forma piramidal, o seu crecemento é rápido nos primeiros anos de vida, retardándose despois e podendo alcanzar os 300 anos de vida. Árbore sacra entre numerosos pobos; grazas á súa lonxevidade e á súa verdor persistentes, chámase "a árbore da vida" .

Florece a finais do inverno e nun mesmo exemplar prodúcense flores masculinas e femininas; as masculinas forman conos ovais e as femininas son lixeiramente esféricos.

A súa madeira é de cor pardo amarelado claro, de textura fina. Adóitase utilizar para a construción de caixas, e as mellores seleccións dela poden utilizarse tamén en táboas decorativas, pilotes, tornería, chapas de guitarras.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo>



cipres.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 9

# Acivro

Acebo; *Ilex aquifolium*

*“As fragas... para as persoas”*

CEIP DE LAREDO



http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo

O acivro é unha pequena árbore ben vistosa polos súa bagas vermellas e as follas verde brillantes, moitas veces espiñentas. É unha árbore apreciada polos animais do bosque pois as súa bagas sêvenlles de alimento no inverno. Tamén é apreciada polos humanos, que tradicionalmente empregan as ramiñas con froitos coma enfeite de Nadal.

A madeira de acivro é pesada, non flota, é fácil de tinguir e boa para construción.


Da cortiza do acivro obtense unha cola para cazar paxaros, a coñecida “liga”.

En canto aos seus beneficios medicinais, os froitos son purgantes e vomitivos en grandes doses, as follas diuréticas e a cortiza febrífuga.

Na actualidade é unha árbore protexida.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



acivro.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 10

# Piñeiro

Pino; Pinus Pinaster

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO



O piñeiro é unha árbore autóctona de Galicia. De crecemento rápido é a máis empregada en repoboación. Utilízase a súa madeira para a fabricación de taboleiros e carpintería xeral (caixas, travesas). As piñas teñen utilidade para acender os lumes, xa que non se apagan e a cortiza utilízase coma curtidor.


Utilízanse bastante para a extracción de trementina, de gran interese para a industria química, de vernices e en perfumería. A breia e alcatrán extraídos do piñeiro úsanse para o calafateado dos navíos.

En canto as súas funcións medicinais foron utilizados no pasado os brotes tenros en infusión para catarras e bronquite. Ademais a trementina úsase en unguentos contra o reuma o tamén para as infeccións das vías respiratorias.

O nome de piñeiro deriva do celta pin: montaña.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondeg Galicia.es>



pineiro.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

11

# Hibisco

Hibisco; Hibiscus

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO



http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo


**H**ibiscus, comunmente hibiscos, chamados cayena en latinoamérica.

As follas son alternas, simples, con marxe serrado ou lobulado. As flores son longas, con forma de trompeta, con cinco pétaos, de tons brancos a rosas, vermellos, morados ou amarelos, de 4 a 15 cm de tamaño.

O froito é unha cápsula que contén varias sementes en cada lóbulo, que son liberadas cando a cápsula abre, na súa madurez. Moitas especies cultívanse polas súas rechamantes flores ou utilízanse como arbustos en paisaxismo. Tamén son un ingrediente principal en tés de herbas.

Unha das especies, coñecida como kenaf úsase amplamente na elaboración de papel.

En Latinoamérica, é bastante popular a bebida coñecida como auga de Xamaica.



hibisco.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 12

# Tuia

Tulla; Thuja standishii

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO




**T**huja ou tuia é unha conífera da familia dos cipreses (Cupressaceae) orixinaria das rexións tépedas do Hemisferio Norte.

As follas de Thuja son perennes e escamosas, excepto ao brotar, cando teñen forma de agulla de coser. As tuias cultívanse amplamente como árbores ornamentais.

A madeira é lixeira, suave e aromática, usouse en moitas aplicacións desde facer arcas que repelan a polilla, para facer valos e raíles e a miúdo usada para as caixas das guitarras.

A follaxe é rica en vitamina C. O aceite da tuia úsase de maneira tópica para axudar ao tratamento do papiloma humano e verrugas. É popular en tratamentos homeopáticos, para tratar infeccións das vías respiratorias.

http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo



tuia.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.wikipedia.org>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 13

# Liquidambar

Estoraque; Liquidambar

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO



É unha árbore media a grande, até 20 a 35 m (excepcionalmente 41 m), cun tronco de até 2 m de diámetro.

As follas son palmadas e lobuladas. En moitos casos tornan en brillantes laranxas, vermello e púrpuras no outono.


É unha popular árbore ornamental, particularmente en áreas tépedas con veráns calorosos, logrando os máis belas cores no outono.

A madeira é moi compacta e de gran fino adoita secar en cor negra, utilízallo no canto da ebonita para marcos de cadros, e outros usos similares, pero non tolera o exterior.

O seu nome significa "ámbar líquido", debido á resina aromática que se obtén da súa cortiza, producindo unha goma coñecida como storax, usada no medicamento herbolaria.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



liquidambar.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 14

# Pradairo

Arce; Acer



http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo

*“As fragas... para as persoas”*

CEIP DE LAREDO



O pradairo é unha das máis grandes árbores dos nosos bosques xa que chega a acadar os 35m e como necesita solos ben desenvolvidos é indicadora da calidade do solo. A máis ten a capacidade de aguantar ventos salgados polo que pódese plantar coma curta ventos nas sebes preto do mar.


A súa madeira é de calidade, branca, lixeira e fácil de traballar. Noutros tempos facíanse con ela zocas e utensilios de cociña pero actualmente fábrícanse táboas e contrachapados para a elaboración de mobles, parquets, portas e instrumentos musicais, de xeito que é unha das madeiras máis comercializadas en todo o mundo. Asemade a súa leña é un bo combustible e produce un excelente carbón vexetal.

Deste pradairo noutros países sácase o “zume de pradairo”, un xarope doce que se comercializa.

O nome de pradairo provén do nome grego para a árbore PLATYS que significa “ancho” polas das súas follas.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



pradairo.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 15

# Freixo

Fresno; Fraxinus

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO




O freixo é unha das árbores que embelece as ribeira dos nosos ríos e xardíns. De madeira dura, flexible e resistente aos golpes repetidos. Esta última característica faina apreciada para a elaboración de paos de hockey ou raquetas de tenis pero sobre todo, no agro galego tíñana en moita estima para fabricar distintas partes do carro, como o seu eixo ou mangos de instrumentos e aínda hoxe en día emprégase para facer partes curvas de mobles e barcos.

Non soamente os labregos apreciaban a madeira de freixo, tamén a Armada Española utilizaba os freixos do norte de España para a elaboración de motóns para a "cordelería" dos barcos e para as "cureñas" de artillería. Ademais subministra excelente leña e carbón.

No eido da Medicina popular as follas en infusión teñen servido coma laxante, diurético, para combater as enfermidades renais e o reuma mentres que a cortiza serve para baixar a febre.

http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo



freixo.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 16

## Árbore do amor

Cercis; Cercis

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO



**C**ercis, Árbore do amor denominada ciclamor, árbore de Xudas e tamén a árbore do amor específico, pola forma acorazonada das súas follas, é común na zona mediterránea.


Ofrece unha rechamante e densa floración ao principio da primavera. Unha vez secas permanecen na árbore longa tempo.

Os froitos, en longas vainas que permanecen durante o inverno. Crece en todo tipo de terreos, pero necesita posicións ben asolladas.

Os froitos empregáronse en medicamento popular como astrinxente.

As flores tenras poden ser consumidas en ensalada e nalgunhas zonas se escabechaban con vinagre os brotes florais.

http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo



amor.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.vexetaciondegalicia.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

17

# Pradairo xaponés

Arce Japonés; Acer Palmatum

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO




É unha especie de arce nativa de Xapón e de Corea do Sur. Arbusto que cos anos convértese nunha árbore pequena (agás se se poda para evitalo).

De follaxe otoñal vermello, insignificantes reunidas en acio, panículo ou corimbo.

É un arbusto ou unha pequena árbore crescendo como plantas accesorias en bosques sombreados.

É tamén unha elección popular e apropiada para entusiastas do bonsái e foi usada para esta arte a través da súa historia.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo>



xapon.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.fichas.infojardin.com>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela

# 18

# Catalpa

Catalpa; Catalpa Bignonioides

*"As fragas... para as persoas"*

CEIP DE LAREDO




O nome "catalpa" é de orixe india "catawba".

As catalpas crecen de 10 a 25 m de altura, e recoñéceselles polas súas moi grandes follas acorazonadas trilobuladas, con flores brancas ou amarelas en amplas panículas, e no outono polos seus froitos de 20 a 50 cm de lonxitude que lembra a unha legume, contendo numerosas e pequenas achatadas sementes.

É moi apta para sombra densa, as catalpas son un popular hábitat para numerosos paxaros, con boa protección contra choiva e vento. Gusta do sol para unha boa floración e resiste xeadas fortes.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo>



catalpa.mp3

Solicita a audioguía no centro ou descarga o audio co código.

Colaboran

Fonte: <http://www.fichas.infojardin.com>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Concellaría de Normalización Lingüística  
Concellaría de Medio Ambiente  
Concello de Redondela